

Propostas sobre Dereitos Dixitais: Contornas online seguras

Reunión no salón de plenos do Concello ás 12h da mañá do día 20 de novembro do 2025, coa presidencia da alcaldesa Ánxela Fernández Callís, e as voceiras e voceiros que se relacionan:

Propostas sobre Dereitos Dixitais.

Grupo Fogaric@s

- Lola
- Rodrigo
- Alberto
- Xavi
- Valeria
- Diego
- Suevia
- Antia
- Elda

Unha vez verificado o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que se estende a presente acta resume.

1. *Benvida de Ánxela Fernández Callís, as e os representantes da infancia e adolescencia do concello e ao público asistente.*

A alcaldesa dá a benvida ás nenas, nenos e adolescentes que enchen hoxe o salón de plenos, así como ao profesorado acompañante e ás concelleiras e concelleiros presentes.

Nunha breve intervención, destaca a importancia de facer un uso responsable e consciente de internet e das redes sociais, lembrando os riscos que pode ter un mal uso e a necesidade de estar ben informadas e informados.

Sinala tamén que, por sorte, no Rosal contamos cunha ampla oferta de actividades culturais e deportivas que poden servir como alternativa saudable e enriquecedora ao tempo excesivo diante das pantallas.

Para rematar, anima ás rapazas e rapaces asistentes a sumarse ao grupo de participación infantil e xuvenil, un espazo onde poden compartir ideas, facer propostas e ser parte activa do seu concello.

2_ Lectura das propostas do grupo Fogari@s.

***Elda:** Bo día a todas e todos:*

Somos Fogaric@s, o grupo de participación infantil e xuvenil do Rosal e queremos compartir convosco as cousas que nos preocupan sobre o uso das redes sociais, internet e os xogos online. Levamos semanas falando e reflexionando sobre esta temática. Participamos no Encontro Autonómico de Consellos de Participación Infantil e Xuvenil que se celebrou en Nigrán a fin de semana do 18 de outubro, alí tamén falamos dos dereitos dixitais e como transformar a vida online nun lugar máis seguro, e hoxe queremos trasladar aquí as nosas conclusións.

No noso día a día, moitas das cousas que vivimos e sentimos tamén ocorren no mundo dixital, e por iso é tan importante que ese espazo sexa seguro e que se respecten os nosos dereitos tamén aí.

***Lola:** Entre as nosas principais preocupacións están:*

1. O uso indebido das imaxes, especialmente cando se trata de fotos de amigas ou coñecidas que se comparten sen o seu permiso. Moitas persoas suben fotos doutras as súas redes sociais, ou pásanas por whastapp sen consentimento, sen pensar nas consecuencias que iso pode ter.

2. A existencia de perfís falsos e a usurpación de identidade, cousas que nos xeran inseguridade e medo.

3. O ciberacoso: sabemos que existe, pero moitas veces non sabemos como actuar nin a quen acudir para pedir axuda.

4. Sentímonos desprotexidas e desprotexidos. Gustaíanos poder sentirnos seguras nas redes sociais, cos videoxogos, igual que nos gusta sentirnos seguras na nosa vila ou no colexio.

***Rodrigo:** Tamén falamos de como se idealizan as vidas que vemos nas redes. A xente só ensina o bonito, o perfecto, e iso pode facer que nos sintamos mal coas nosas propias vidas.*



6. Outra cousa que nos preocupa é o fácil que resulta que alguén nos atope nas redes ou entre nas nosas contas. Moitas veces non sabemos crear contrasinais seguras, e iso tamén nos pon en risco.

7. Tamén falamos do tempo que pasamos diante das pantallas: xogando, nas redes, vendo vídeos, e todas/os sabemos que en ocasións con contido inapropiado. Ás veces pasamos horas sen durmir e deixamos de socializar, de falar coa familia ou cos nosos amigos e amigas. É como se nos illáramos.

Suevia: No encontro autonómico de participación que se celebrou en Nigrán, decatámonos de que practicamente todas as persoas participantes tiñan móbil, e iso fixo que reflexionáramos sobre o uso que lle damos.

9. Sentimos que hai tantos estímulos no mundo dixital que ás veces nos custa diferenciar a vida real da vida online. Todo pasa moi rápido, e parece que sempre temos que estar conectadas ou conectados.

10. Tamén vemos que hai falta de formación por parte das persoas adultas para poder acompañarnos neste mundo. Moitas veces as nosas nais e pais non saben os riscos que existen, nin como reaccionar ou axudarnos.

11. Tampouco existen métodos claros ou eficaces para informar dun caso de ciberacoso. E se non sabes como actuar, sínteste máis só ou soa.

Alberto: E, por último, queremos nomear unha das cousas que máis nos impacta: a existencia da venda de fotos íntimas a través das redes sociais. É algo que nos asusta e que nos parece moi grave.

En resumo, moitas veces sentímonos vulnerables e sen un lugar seguro ao que acudir cando algo nos preocupa no mundo dixital. E isto tamén se debe a que a veces, as nenas e nenos non temos a confianza necesaria para contarlles aos nosos pais e nais que nos preocupa e que nos da medo...

Propostas do grupo de Fogaricos para o Concello

Queremos presentarvos algunhas propostas para mellorar a convivencia dixital e o uso responsable das redes sociais no noso concello.

As nosas ideas están pensadas tanto para xente nova coma para persoas adultas, porque cremos que a educación dixital é cousa de toda a comunidade.



Xavi: *Formacións para xente nova:*

- *Propoñemos facer **obradoiros prácticos** nos centros educativos. Pensamos que deben impartirse no cole e no IES porque desta forma asegurámonos de que todas as nenas, nenos e adolescentes a recibimos. Sabemos que isto é complicado de cadrar porque no centro xa existe o calendario de actividades propias e que non nos sobra o tempo, pero mentres non existe conciencia da importancia deste tema, é necesario que todas e todos recibamos a información e formación sobre:*
- ***O Uso responsable de internet e redes sociais.** Cando falamos de uso responsable de internet e redes sociais referímonos a empregar estas ferramentas*
- *dixitais dun xeito consciente, seguro e respectuoso, tanto con nós mesmos/as como coas demais persoas.*

Valeria: *Trátase de aprender a:*

- ***Coidar a privacidade:** ser conscientes da información que compartimos, quen pode vela e como pode ser usada. Isto inclúe **saber configurar a privacidade** das contas, non compartir datos persoais sensibles (como direccións, colexios, rutinas...) e pedir sempre permiso antes de publicar fotos doutras persoas.*
- *Saber **crear contrasinais seguras:** precisamos claves fortes e a entender que non debemos compartilas con ninguén, para evitar accesos non autorizados ou suplantacións de identidade. Así como a saber manter a nosa privacidade.*
- *Evitar riscos como o **ciberacoso** ou o **grooming:** precisamos recoñecer situacións perigosas nas redes (comentarios ofensivos, presión para compartir imaxes, mensaxes de descoñecidos...) e **saber como actuar, a quen avisar e onde atopar apoio.***

Suevia:- Controlar o tempo de uso: *necesitamos aprender a reflexionar sobre o tempo que pasamos conectados/as e como nos afecta. Buscar equilibrio entre o mundo dixital e as relacións e actividades da vida real.*

- ***Ter espírito crítico:** cuestionar a información que vemos, entender que moitas veces nas redes móstranse vidas "perfectas" que non son reais, e evitar caer na presión estética ou na comparación constante.*



- Temos **que aprender a respectar ás demais persoas**: non facer comentarios ofensivos, non compartir imaxes alleas sen permiso, non difundir rumores ou contido falso. Ser respectuoso/a tamén no entorno dixital é clave para unha boa convivencia.

-**Saber buscar apoio cando algo non vai ben**: temos que saber que non estamos só. Que podemos falar coas familias, profesorado ou persoas adultas de confianza cando temos dúbidas, medo ou vivimos algo incómodo ou perigoso en redes

Antia: - E que nos trasladan e fagan entender que o control parental non é unha limitación, se non que é a forma de protexernos no mundo dixital mentres non estamos preparadas para movernos solas.

Queremos que todo este contido se faga en sesións que sexan participativas e amenas, con exemplos reais, e que tamén se fale dos aspectos positivos da tecnoloxía, como poden ser aprender, conectar ou crear. Asegurádevos de que as persoas que a impartan non sexan aburridas e nos falen de forma axeitada.

Formacións para persoas adultas

Tamén pensamos en formacións para pais, nais e profesorado. Porque sodes as persoas que estades con nós e as que debedes saber guiarnos.

Propoñemos facer sesións tipo os "Cafés en igualdade", con bebida ou merenda para crear un ambiente máis relaxado e que así se animen a asistir.

Diego: As charlas deben ser claras, realistas e sen meter medo, non queremos que despois de asistir nos quiten os teléfonos como medida de seguridade. Nasas formacións teñen que:

- Explicar que é o control parental, como instalalo e tamén que moitos rapaces saben saltalo.
- Como inflúe no noso cerebro estar diante dunha pantalla a idades moi temperás e que alternativas teñen.
- Ensinarlles todas as app ou sitios web que existen para, por exemplo, saber que videoxogos son máis apropiados para a nosa idade.
- E sobre todo, crear un espazos onde as familias poidan compartir experiencias e coñecementos.

Elda: Propoñemos que ademais:



- *Se graven todas as sesións para subilas á web e ao Instagram do Concello. Para que todas as familias que non asistiron teñan acceso a esa información.*
- *Que se faga un resumo final con aprendizaxes clave.*
- *E que se elabore unha guía didáctica sinxela e visual, con debuxos, esquemas e vídeos curtos para que non esquezan o aprendido.*

Lola: Campaña local de sensibilización

Con todo ese material que xa está elaborado e con outro a maiores que puidera ser interesante levar a cabo unha campaña municipal sobre o uso responsable das redes e a prevención do cyberbullying.

Rodrigo: *As nosas ideas:*

- *Colocar códigos QR con información útil en lugares públicos, como baños de bares, cafeteñas ou espazos xuvenís.*
- *Enviar un folleto informativo a todas as casas onde haxa nenas, nenos e adolescentes, con consellos claros sobre como detectar e actuar ante o cyberbullying, con linguaxe clara sinxela.*

Alberto Puntos Laranxa nos centros

Pedimos que se revisen os Puntos Laranxa para garantir que están en lugares accesibles pero discretos, onde as persoas poidan pedir axuda con confianza.


Tamén é importante explicar ao profesorado para que serven e por que son tan necesarios.

Diego: *E por último, queremos deixar unha mensaxe moi clara:*

“As persoas adultas tedes que dar exemplo:

non podedes dicirnos que deixemos o móbil se vós o tedes sempre na man, nin falar de respecto mentres publicades comentarios ofensivos nas redes.”

Xavi: *Compromisos do grupo Fogaricos*



Como grupo, comprometémonos a:

- *Difundir toda esta información nas nosas redes sociais e entre as nosas amizades.*
- *Organizar nós mesmos unha charla chamada*

"Bo uso de internet: cousas a ter en conta para mamás e papás"

onde compartiremos consellos e experiencias desde o punto de vista da xente nova. E así asegurámonos, que polo menos, as nosas familias van asistir!

Queremos agradecer ao concello a súa implicación por facer que a participación infantil e xuvenil sexa unha realidade no Rosal.

Moitas grazas.

3_ Aportacións dos membros da oposición.

4_ Agradecemento da concelleira Beatriz Rodríguez Alfonso ao grupo por todo o traballo realizado.

5_ Fogaric@s fan un resumo dende a creación do grupo o ano pasado.

6_ Despedida.